



**EXPEDIENTE M2/2020, DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS  
EXTRAORDINARIOS, SUPLEMENTOS DE CRÉDITO,  
BAIXAS POR ANULACIÓN DE CRÉDITO, MODIFICACIÓN  
DO ANEXO DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS,  
MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS E  
CAMBIO DE FINANCIAMENTO EN PROXECTOS DE  
INVESTIMENTO DO ORZAMENTO DE 2020**

**EXPEDIENTE M2/2020, DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS, SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, BAIXAS POR ANULACIÓN DE CRÉDITOS, MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS E ANEXO DE INVESTIMENTOS AO PRESUPOSTO.**

## **MEMORIA DA ALCALDÍA**

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local o presente expediente, que impulsa orzamentariamente o Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO), coa realización de gastos específicos e determinados cuxa efectividade non se considera posible demorar ata o próximo exercicio, ante a emerxencia social e económica ocasionada pola pandemia da COVID-19 e as medidas de contención tomadas para combatela.

O Concello da Coruña, como Administración local que serve aos intereses das coruñesas e dos coruñeses, impulsa con este expediente a reorientación do orzamento en vigor para o ano 2020 co obxectivo de facer fronte ás consecuencias económicas e sociais derivadas da citada pandemia.

Froito do diálogo e das achegas dos distintos grupos políticos da corporación municipal, así como da escoita das demandas e inxerencias dos sectores afectados, tramítase unha modificación orzamentaria que ten por obxectivo contribuir ao mantemento do tecido socioeconómico desta cidade.

As medidas que se pretenden implantar suporán un esforzo extraordinario para este concello, dado que se asumirán novamente competencias que non son propias da actual esfera de atribucións locais ao ter que destinar unha parte do orzamento a medidas dirixidas a mitigar o duro impacto económico derivado da crise sanitaria.

Constitúe unha competencia propia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación co artigo 179 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e a Base de execución número 7 das do Orzamento do Concello da Coruña para o exercicio 2020. Posteriormente, a modificación será sometida á aprobación do pleno da corporación municipal.

**II.-** Desde que se declarou o estado de alarma, coa entrada en vigor do RD 463/2020, do 14 de marzo, o Goberno local foi adoptando progresivamente diferentes medidas de orde económica e social para facer fronte á pandemia na cidade. A modo de exemplo, entre outras accións, cabe recordar: a aprobación dun novo calendario fiscal encamiñado a flexibilizar os prazos relativos ás obrigas tributarias, medidas en materia contractual para a protección do emprego dependente das contratas municipais, unha instrución para axilizar o pago das subvencións ás entidades, ou a axilización do pago a provedores. Na mesma liña, leváronse a cabo actuacións como a entrega de medios de protección a distintos colectivos. Pero, sen dúbida, merecen unha especial mención as medidas de orde social, coas que se deu protección, entre outros, aos grupos de poboación máis vulnerables a través de proxectos como a posta en marcha dun dispositivo de acollida destinado ás persoas sen teito, programa amplamente recoñecido e sen precedentes.

**III.-** Desde o punto de vista institucional, o Goberno local apostou dende o comezo da crise sanitaria polo diálogo con todas as forzas políticas representadas na corporación municipal, conscientes da necesidade de traballar dende a unidade e a cooperación para afrontar unha situación extremadamente grave.

Con ese fin mantivéronse reunións regulares da Xunta de Voceiros e tamén da Comisión de Economía, Facenda e Réxime Interior, cun elevado nivel de interlocución, consenso e achegas por parte de todos os grupos políticos.

**IV.-** Resulta comunmente recoñecido e asumido que as medidas de distanciamento social están a ser efectivas e a ter éxito na loita contra a pandemia, pero, simultaneamente, comportan unha incidencia significativa sobre unha boa parte da actividade económica (comercio, hostalería, actividade turística, cultura, autónomos, micropemes...) e social (cunha repercusión máis perentoria nas persoas máis vulnerables), ademais de xerar necesidades singulares de conciliación para o coidado das persoas maiores e da rapazada.

**V.-** O Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO) configúrase como un instrumento traballado e de consenso, dentro das posibilidades económicas do concello, para axudar a facer fronte ás consecuencias sociais e económicas da pandemia, coa maior axilidade posible, proporcionándolle recursos ao tecido social e económico coruñés, así como á atención das persoas máis desamparadas (mostra do estilo propio dunha gobernanza solidaria).

Estrutúrase en tres eixes socioeconómicos externos e un interno:

- **Eixes socioeconómicos externos:** Inversión pública (impulso á contratación pública); Coruña Solidaria (con diversas medidas de protección social); e medidas económicas para colectivos afectados polo cesamento da actividade.
- **Eixe interno:** con programas de protección e seguridade do persoal municipal e da cidadanía que se relaciona coa Administración local; de modernización tecnolóxica e transición dixital do concello; e un programa de emprego COVID-19 para reforzar, con recursos humanos, as áreas de Benestar Social e Economía, coa finalidade de axilizar a execución dos recursos orzamentarios que se van mobilizar con esta modificación orzamentaria M2/2020.

**VI.- No eixe social (2)**, bautizado como “Coruña Solidaria”, e dirixido á mellora da protección social, refórzanse os programas sociais con especial incidencia nos colectivos máis vulnerables e na conciliación.

- Suplementase o déficit estimado sobre o conxunto do ano, na vinculación de aplicacións de **Xustiza Social e Acción Social**, coa contía de 600.000 euros, para facer fronte aos gastos derivados de hostais e comedores escolares fóra do período lectivo.

- **Emerxencia social**, suplementase en 700.000 euros para xestión directa e 300.000 euros para xestión a través de entidades sociais.

- **Renda Social**, incrementase esa aplicación en 150.000 euros para dar resposta ás necesidades deste programa.

- **Programa canguraxe**, potenciase para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, incrementando a dotación orzamentaria en 250.000 euros máis.

- **Programa de acompañamento das persoas maiores**, refórzase a dotación en 250.000 euros coa proposta de que se xestione a través das entidades sociais que colaboran habitualmente co concello nesas tarefas. Esta medida tamén facilita a conciliación das persoas empregadas.

- **Programa de Bolsa de Vivenda en Alugueiro**, mellórase a dotación económica en 150.000 euros máis dos xa previstos. Búscase incidir activamente neste mercado a fin de garantir o dereito a unha vivenda digna.

**A dotación económica para o conxunto do eixe social (“Coruña Solidaria”) supón un reforzo económico de 2.400.000 euros.**

**VII.- Eixe (3) de medidas económicas para colectivos e tecido afectado pola parálise da actividade a consecuencia da COVID-19:** autónomos, micropemes, comercio, hostalería e industria cultural. Organízase nas seguintes 9 liñas:

▪ **Liña 1. Campaña de incentivos ao consumo no comercio e na hostalería de proximidade.**

a) Bono 10 “InvestimosnaCoruña”.

Destinarase ao comercio de proximidade, por compras superiores a 30 euros.

A devandita iniciativa canalizarase a través da Federación Unión de Comercio Coruñesa (FUCC) para a distribución das axudas entre o conxunto dos comercios de proximidade.

b) Bono 5 “InvestimosnaCoruña”.

Destinarase á hostalería de proximidade, por compras superiores a 20 euros.

Esta acción canalizaranse por medio da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería da Coruña, para a distribución entre os establecementos da cidade.

Establécese unha dotación orzamentaria para o sistema de bonos ao comercio e á hostalería de **1.300.000 euros**.

c) Campaña de promoción e apoio ao comercio e á hostalería locais: #InvestimosnaCoruña, “Desta saímos xuntos, o comercio local é vital”. Campaña que, ademais de dinamizar os sectores económicos, permitirá achegar fondos, por vía de contratación de prestacións, ao sector de servizos relacionado coa creatividade e a innovación, dotado cunha contía de **300.000 euros**.

Prevese unha asistencia técnica para axudar á implantación, seguimento e auditoría desta liña 1, cunha estimación orzamentaria de **120.000 euros**. Tamén se favorece, con este financiamento, ao sector servizos, no escenario da contratación pública estratéxica.

▪ **Liña 2. Apoio ao mantemento da actividade económica (autónomos e micropemes), coas seguintes subdivisións:**

**A.** Axudas dirixidas a autónomos e micropemes, cubrindo as cotas da Seguridade Social e de autónomos no período xullo-décembro de 2020:

- axuda dun máximo de 2.500 euros para micropemes (en Seguridade Social)
- axuda dun máximo de 1.500 euros para autónomos (en cotas)

**B.** Axudas dirixidas a sufragar alugamentos de locais comerciais, de hostalería ou do sector servizos.

Axuda dun máximo de 1.500 euros por autónomo ou micropeme.

Nesta liña 2 a achega orzamentaria desde o modificativo proxectado ascende á contía de **4.400.000 euros**.

▪ **Liña 3. Apoio a sufragar gastos de adaptación e acondicionamento de establecementos de comercio, hostalería e servizos profesionais.**

Liña dirixida ás micropemes e aos autónomos para adaptar os espazos físicos á nova realidade derivada da COVID-19. Preténdese favorecer a implantación das medidas de prevención establecidas polas autoridades sanitarias a través do Plan para a transición cara unha nova normalidade (*desescalada*) para este sector económico, cunha dotación de **750.000 euros**.

▪ **Liña 4. Subvencións a autónomos e micropemes para o pago de xuros.**

Destinada ao pago de xuros das operacións de crédito concertadas por este sector económico para a obtención de liquidez, complementarias dos créditos ICO. A contía da subvención será o 75% do aboado en concepto de xuros, cun límite de 600 euros por persoa beneficiaria. A dotación económica prevista no modificativo ascende a **100.000 euros**.

▪ **Liña 5. Transformación dixital de autónomos e micropemes, con dúas actuacións:**

- a) Acción de fomento mediante axudas para a mellora e a innovación da empresa local, dirixidas a achegar recursos ao comercio local para a venda en liña. Un máximo de **500.000 euros**.
- b) Un Plan de asesoramento e formación dixital, dotado con **100.000 euros**.

A dotación total para esta liña 5 no modificativo elévase a **600.000 euros**.

■ **Liña 6. Programa dirixido á industria cultural. Este programa artéllase coas seguintes medidas:**

- a) Programación de actividades culturais: previsión dun amplo programa de lecer (microconcertos, animación de rúa, mimo, etc.). Preténdese vencellar a cultura co comercio e coa hostalería, espallando esta iniciativa ao longo dos barrios da cidade, cunha dotación de **300.000 euros**.
- b) Convocatoria de bolsas de creación artística para artistas individuais empadroados na Coruña, cunha contía de **180.000 euros**.
- c) Bono Cultura. Iniciativa a través da cal se poderá trocar un bono en compras de entradas para espectáculos, libros, discos e demais produtos culturais nos locais adheridos a este programa, para fornecer o consumo e a industria cultural (**370.000 euros**) incluíndo unha asistencia técnica para súa xestión (**60.000 euros**), con mecanismos de xestión eficiente.

A dotación total desta liña cultural é de **910.00 euros**.

■ **Liña 7. Programa de cualificación profesional.**

Accións de formación con 50 itinerarios formativos diferentes nos sectores e especialidades con maiores oportunidades de emprego a través de formatos en liña. Conta cunha previsión de gasto inicial de **100.000 euros**.

■ **Liña 8. Bolsa de locais comerciais en alugamento.**

A través deste programa farase a primeira fase de identificación e *mapping* da totalidade dos locais comerciais en alugueiro. Preténdese deste xeito detectar todos os locais comerciais baleiros e poder incorporalos nunha segunda fase a unha Bolsa de locais comerciais en alugamento que facilite a dinamización económica e comercial da cidade.

A dotación é de **80.000 euros**.

■ **Liña 9. Programa de incentivos á contratación**

Convocatoria de axudas para incentivos á contratación temporal por conta allea. Ten por finalidade facilitar a empregabilidade e a ocupabilidade das persoas desempregadas da cidade, mediante subvencións ás empresas para que poidan realizar contratos de traballo dunha duración mínima dun ano a tempo completo. A axuda será dun importe máximo de 2.000 euros por traballador/a. A dotación prevista ascende a **300.000 euros**.

**A dotación orzamentaria para este eixe de medidas económicas acada os 8.960.000 euros.**

#### VIII.- Eixe interno (4)

Este eixe interno busca a mellora dos servizos públicos municipais cos seguintes programas:

- a) Programa de protección da saúde e de prevención dos riscos laborais do persoal municipal, dotado cun máximo de **318.416,20** euros, co fin de que dispoñan dos equipos de protección axeitados á nova situación, conforme co establecido nos protocolos municipais e na diversa normativa ditada polas autoridades sanitarias.
- b) Programa de modernización tecnolóxica e transición dixital do concello, dotado cun máximo de **940.000** euros.
- c) Programa de emprego COVID-19, dotado con **550.000** euros, para reforzar o persoal da área de Benestar Social e da área económica, de acordo co previsto no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

Para a execución do conxunto de medidas que abarca este Plan de Reactivación Económica e Social porase en marcha unha oficina específica para a tramitación do conxunto das axudas previstas no modificativo M2/2020, co auxilio do programa singular de emprego COVID-19, desenvolvendo tamén tarefas de asesoramento e apoio aos autónomos e ás pemes, presencial e en liña, coa axuda dunha asistencia técnica especializada, para a que se prevé unha consignación de **60.000** euros.

A xestión do conxunto dos recursos económicos mobilizados asentarase na axilidade e eficacia administrativas, a flexibilidade entre as distintas liñas de subvencións e o establecemento de mecanismos de seguimento da súa execución, nomeadamente a través da Comisión de Economía, Facenda e Réxime Interior.

**IX.-** Incorporárase, doutra banda, neste modificativo unha dotación de **48.000** euros para impulsar a constitución e funcionamento do Consello Económico e Social, como un espazo institucional de encontro entre os axentes económicos e sociais, e que ao mesmo tempo sirva como ferramenta útil para o deseño das grandes liñas de planificación económica, informática, de innovación tecnolóxica e social da nosa cidade. Unha ferramenta para afrontar os retos sociais e económicos da cidade.

**X.-** Este modificativo finánciase, consonte ao establecido no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL), cos seguintes recursos:

- **8.977.416,20 euros** procedentes de baixas de crédito en diferentes aplicacións que se estima que se poden minorar sen detrimento dos servizos aos que foron inicialmente adscritas, tal e como consta xustificado no expediente.
- **4.299.000,00 euros** de remanente líquido de tesourería para gastos xerais.



**XI.-** A tramitación desta modificación do orzamento vixente efectuarase en coherencia coa pandemia da COVID-19, o estado de alarma no que nos atopamos, así como co excepcional interese xeral de tomar medidas inmediatas para paliar o dano social e económico da situación, ao abeiro do artigo 177. 6 do TRLFL, en canto establece:

*“Os acordos das entidades locais que teñan por obxecto a habilitación ou suplemento de créditos en casos de calamidades públicas ou de natureza análoga de excepcional interese xeral serán inmediatamente executivos, sen prexuízo das reclamacións que contra eles se promovan, as cales deberán tramitarse dentro dos oito días seguintes á presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro do devandito prazo.”*

Por canto vai dito, atendendo aos informes incorporados, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Orzamento de 2020 ( M2/2020), para a súa posterior aprobación polo pleno da corporación municipal, que se resume nas seguintes magnitudes e determinacións:

1.- A concesión de catro créditos extraordinarios, por importe de sete millóns cincocentos trinta mil euros (7.530.000,00€), nos termos indicados na listaxe denominada M2/2020.

2.- A tramitación de vinte e oito suplementos de crédito por importe de cinco millóns setecentos corenta e seis mil catrocentos dezaseis euros con vinte céntimos (5.746.416,20€), segundo se reflicte na listaxe denominada M2/2020.

3.- As operacións de concesión de crédito extraordinario e suplementos de crédito fináncianse:

a) Con noventa e seis baixas por anulación de crédito por importe de oito millóns novecentos setenta e sete mil catrocentos dezaseis euros con vinte céntimos (8.977.416,20€).

b) Con remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento de 2019, por un total de catro millóns douscentos noventa e nove mil euros (4.299.000,00€).

A financiación sinalada neste apartado prodúcese tal e como se indica na listaxe denominada “Expediente M2/2020” , incorporada ao expediente.

4.- Modifícase o anexo de investimentos do Orzamento de 2020, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo, titulada “Expediente M2/2020. Modificacións do anexo de investimentos” e o financiamento nos casos nos que resulte modificada.



5- Modifícanse as fontes de financiamento de proxectos de investimento financiados con recursos propios no orzamento inicial 2020, que pasan a financiarse con préstamo procedente do financiamento de determinadas baixas do M2/2020, reflectido no listado "Expediente M2/2020. Cambio de financiamento do anexo de investimentos".


6.- Modifícase o anexo de subvencións nominativas do Orzamento de 2020, incorporando as variacións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulada "Expediente M2/2020, coa denominación de modificacións do anexo de subvencións nominativas".

7.- Determínase que para a execución da actividade de fomento, orzamentada neste modificativo M2/2020, se aplicará a Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar, publicada no BOP do 19 de maio de 2005.

Tramítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, 29 de maio de 2020

A ALCALDESA





O/A concelleiro/a-secretario/a da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 29 de maio de 2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR

Oficina Orzamentaria

**Asunto: Aprobación do proxecto de expediente modificativo de crédito do Orzamento, M2/2020**

Previa deliberación, de conformidade co informe-proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

1. Aprobar o proxecto de expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2020 (M2/2020), mediante concesión de catro créditos extraordinarios, por importe de sete millóns cincocentos trinta

*El/La Concejal/a-Secretario/a de la Junta de Gobierno Local, de conformidad con el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, CERTIFICO:*

*Que la Junta de Gobierno Local en sesión extraordinaria y urgente celebrada el día 29 de mayo de 2020 adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:*

ECONOMÍA, HACIENDA Y RÉGIMEN INTERIOR

Oficina Presupuestaria

**Asunto: Aprobación del proyecto de expediente modificativo de crédito del Presupuesto, M2/2020**

*Previa deliberación, de conformidad con el informe-propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo*, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, **por unanimidad**, en votación ordinaria, se acuerda:

1. Aprobar el proyecto de expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2020 (M2/2020), mediante concesión de cuatro créditos extraordinarios, por importe de siete



mil euros (7.530.000,00€), vinte e oito suplementos de crédito por importe de cinco millóns setecentos corenta e seis mil catrocentos dezaseis euros con vinte céntimos (5.746.416,20€), noventa e seis baixas por anulación de crédito por importe de oito millóns novecentos setenta e sete mil catrocentos dezaseis euros con vinte céntimos (8.977.416,20€). Todo iso reflectido na listaxe denominada "Expediente M2/2020" que se incorpora ao expediente.

2. Aprobar o proxecto de distribución do financiamento procedente en parte das noventa e seis baixas por anulación de crédito por importe de oito millóns novecentos setenta e sete mil catrocentos dezaseis euros con vinte céntimos (8.977.416,20€) e, por remanente líquido de Tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento de 2019, por un total de catro millóns douscentos noventa e nove mil euros (4.299.000,00€). Todo iso reflectido no listado "Expediente M2/2020. Financiamento".

3. Aprobar o proxecto de expediente de modificación do estado de ingresos do Orzamento 2020 (M2/2020), incorporando catro millóns douscentos noventa e nove mil euros (4.299.000,00€) de remanente líquido de Tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento de 2019.

*millones quinientos treinta mil euros (7.530.000,00€), veintiocho suplementos de crédito por importe de cinco millones setecientos cuarenta y seis mil cuatrocientos dieciséis euros con veinte céntimos (5.746.416,20€), noventa y seis bajas por anulación de crédito por importe de ocho millones novecientos setenta y siete mil cuatrocientos dieciséis euros con veinte céntimos (8.977.416,20€). Todo ello reflejado en el listado denominado "Expediente M2/2020" que se incorpora al expediente.*

2. *Aprobar el proyecto de distribución de la financiación procedente en parte de las noventa y seis bajas por anulación de crédito por importe de ocho millones novecientos setenta y siete mil cuatrocientos dieciséis euros con veinte céntimos (8.977.416,20 €) y, por remanente líquido de Tesorería para gastos generales procedente de la liquidación del presupuesto de 2019, por un total de cuatro millones douscentos noventa y nueve mil euros (4.299.000,00€). Todo ello reflejado en el listado "Expediente M2/2020. Financiación".*

3. *Aprobar el proyecto de expediente de modificación del estado de ingresos del Presupuesto 2020 (M2/2020), incorporando cuatro millones douscentos noventa y nueve mil euros (4.299.000,00€) de remanente líquido de Tesorería para gastos generales procedente de la liquidación del presupuesto de 2019.*



4. Aprobar o proxecto de modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento de 2020, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado "Expediente M2/2020. Modificacións do Anexo de Investimentos" e o financiamento nos casos nos que resulte modificada.

5. Aprobar o proxecto de modificación das fontes de financiamento de proxectos de investimento financiados con recursos propios no orzamento inicial 2020, que pasan a financiarse con préstamo procedente do financiamento de determinadas baixas do M2/2020. Todo iso reflectido no listado "Expediente M2/2020. Cambio de financiamento do Anexo de Investimentos"

6. Aprobar o proxecto de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2020, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado "Expediente M2/2020. Modificacións do Anexo de Subvencións nominativas".

7. Acordar que para a execución da actividade de fomento, orzada neste modificativo M2/2020, aplicárase a Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, publicada no BOP nº40 do 19 de

*4. Aprobar el proyecto de modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2020, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado "Expediente M2/2020. Modificaciones del Anexo de Inversiones" y la financiación en los casos en los que resulte modificada.*

*5. Aprobar el proyecto de modificación de las fuentes de financiación de proyectos de inversión financiados con recursos propios en el presupuesto inicial 2020, que pasan a financiarse con préstamo procedente de la financiación de determinadas bajas del M2/2020. Todo ello reflejado en el listado "Expediente M2/2020. Cambio de financiación del Anexo de Inversiones"*

*6. Aprobar el proyecto de modificación del Anexo de Subvenciones nominativas del Presupuesto de 2020, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios que se realizan en este expediente, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado "Expediente M2/2020. Modificaciones del Anexo de Subvenciones nominativas".*

*7. Acordar que para la ejecución de la actividad de fomento, presupuestada en este modificativo M2/2020, se aplicará la Ordenanza General de Subvenciones del Área de*

maio de 2005.

8. O proxecto de expediente unha vez aprobado, someterase a aprobación inicial polo Pleno municipal por maioría simple dos membros presentes co ditame previo da Comisión informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral. Os acordos son inmediatamente executivos en virtude do art. 177.6 do TRLRFL.

9. Facultar á Excm. Sra. Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

**E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, a 29 de maio de 2020, que asina xunto a min o Oficial Maior, Miguel Iglesias Martínez, como funcionario titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargado das funcións de fe pública segundo a disposición adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.**

**Confrontado e conforme, o Oficial Maior**

**O/A Concelleiro/a-secretario/a**

*Bienestar del Ayuntamiento de A Coruña, publicada en el BOP nº40 del 19 de mayo de 2005.*

- 8. El proyecto de expediente una vez aprobado, se someterá a aprobación inicial por el Pleno municipal por mayoría simple de los miembros presentes con el dictamen previo de la Comisión informativa de Economía, Hacienda y Administración General. Los acuerdos son inmediatamente ejecutivos en virtud del art. 177.6 del TRLRHL.*

- 9. Facultar a la Excm. Sra. Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.*

*Y para que así conste a los efectos oportunos, expido la presente certificación en A Coruña, a 29 de mayo de 2020, que firma junto a mí el Oficial Mayor, Miguel Iglesias Martínez, como funcionario titular del órgano de apoyo a la Junta de Gobierno Local y encargado de las funciones de fe pública según la disposición adicional 8ª de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, a reserva de los términos definitivos en los que quede redactado el acta.*

*Confrontado y conforme, el Oficial Mayor*

*El/La Concejala/a-secretario/a*



## *Secretaría General.*

**DICTAMEN DE LA COMISIÓN DE HACIENDA Y ADMINISTRACIÓN CON EL CARÁCTER DE INFORMATIVA, CELEBRADA EL DÍA VEINTINUEVE DE MAYO DE DOS MIL VEINTE.**

**Expediente de modificación de créditos del Presupuesto, M2/2020.**

Por la Comisión, vista la situación de excepcional interés a que se refiere la propuesta formulada, motivada por la prioridad absoluta, según se indica en el Real Decreto 8/2020 de 17 de marzo, de Medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del Covid-19, en materia económica que radica en proteger y dar soporte al tejido productivo y social para minimizar el impacto y lograr que, una vez finalizada la alarma sanitaria, de que se produzca cuanto antes un rebote en la actividad, previa deliberación, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 177.6 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, apreciando las circunstancias previstas en el mismo, con el voto a favor de la totalidad de los Grupos Municipales, por unanimidad, como dictamen de la Comisión, se propone la adopción por el Pleno Municipal, de los siguientes acuerdos:

1. Aprobar el expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2020 (M2/2020), mediante concesión de cuatro créditos extraordinarios, por importe de siete millones quinientos treinta mil euros (7.530.000,00€), veintiocho suplementos de crédito por importe de cinco millones setecientos cuarenta y seis mil cuatrocientos dieciséis euros con veinte céntimos

**DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN CO CARÁCTER DE INFORMATIVA, CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE**

**Expediente de modificación de créditos do Orzamento, M2/2020**

*Pola Comisión, vista a situación de excepcional interese a que se refire a proposta formulada, motivada pola prioridade absoluta, segundo indícase no Real Decreto 8/2020 do 17 de marzo, de Medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do Covid-19, en materia económica que radica en protexer e dar soporte ao tecido productivo e social para minimizar o impacto e lograr que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, de que se produza canto antes un rebote na actividade, previa deliberación, de conformidade co disposto no artigo 177.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, apreciando as circunstancias previstas no mesmo, co voto a favor da totalidade dos Grupos Municipais, por unanimidade, como ditame da Comisión, proponse a adopción polo Pleno Municipal, dos seguintes acordos:*

1. *Aprobar o expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2020 (M2/2020), mediante concesión de catro créditos extraordinarios, por importe de sete millóns cincocentos trinta mil euros (7.530.000,00€), vinte e oito suplementos de crédito por importe de cinco millóns setecentos corenta e seis mil catrocentos dezaseis euros con vinte*





(5.746.416,20€), noventa y seis bajas por anulación de crédito por importe de ocho millones novecientos setenta y siete mil cuatrocientos dieciséis euros con veinte céntimos (8.977.416,20€). Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M2/2020” que se incorpora al expediente.

2. Aprobar la distribución de la financiación procedente en parte de las noventa y seis bajas por anulación de crédito por importe de ocho millones novecientos setenta y siete mil cuatrocientos dieciséis euros con veinte céntimos (8.977.416,20 €) y, por remanente líquido de Tesorería para gastos generales procedente de la liquidación del presupuesto de 2019, por un total de cuatro millones doscientos noventa y nueve mil euros (4.299.000,00€). Todo ello reflejado en el listado “Expediente M2/2020. Financiación”.

3. Aprobar el expediente de modificación del estado de ingresos del Presupuesto 2020 (M2/2020), incorporando cuatro millones doscientos noventa y nueve mil euros (4.299.000,00€) de remanente líquido de Tesorería para gastos generales procedente de la liquidación del presupuesto de 2019.

4. Aprobar la modificación del Anexo de Inversiones del Presupuesto de 2020, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M2/2020. Modificaciones del Anexo de Inversiones” y la financiación en los casos en los que resulte modificada.

5. Aprobar la modificación de las fuentes de financiación de proyectos de inversión financiados con recursos propios en el presupuesto inicial 2020,

*céntimos (5.746.416,20€), noventa e seis baixas por anulación de crédito por importe de oito millóns novecientos setenta e sete mil catrocentos dezaseis euros con vinte céntimos (8.977.416,20€). Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M2/2020” que se incorpora ao expediente.*

*2. Aprobar a distribución do financiamento procedente en parte das noventa e seis baixas por anulación de crédito por importe de oito millóns novecientos setenta e sete mil catrocentos dezaseis euros con vinte céntimos (8.977.416,20€) e, por remanente líquido de Tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento de 2019, por un total de catro millóns douscentos noventa e nove mil euros (4.299.000,00€). Todo iso reflectido no listado “Expediente M2/2020. Financiamento”.*

*3. Aprobar o expediente de modificación do estado de ingresos do Orzamento 2020 (M2/2020), incorporando catro millóns douscentos noventa e nove mil euros (4.299.000,00€) de remanente líquido de Tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento de 2019.*

*4. Aprobar a modificación do Anexo de Inversións do Orzamento de 2020, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M2/2020. Modificacións do Anexo de Inversións” e o financiamento nos casos nos que resulte modificada.*

*5. Aprobar a modificación das fontes de financiamento de proxectos de investimento financiados con recursos propios no orzamento inicial 2020, que*







que pasan a financiarse con préstamo procedente de la financiación de determinadas bajas del M2/2020. Todo ello reflejado en el listado “Expediente M2/2020. Cambio de financiación del Anexo de Inversiones”

6. Aprobar la modificación del Anexo de Subvenciones nominativas del Presupuesto de 2020, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios que se realizan en este expediente, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M2/2020. Modificaciones del Anexo de Subvenciones nominativas”.

7. Acordar que para la ejecución de la actividad de fomento, presupuestada en este modificativo M2/2020, se aplicará la Ordenanza General de Subvenciones del Área de Bienestar del Ayuntamiento de A Coruña, publicada en el BOP nº40 del 19 de mayo de 2005.

8. Ordenar al IMCE la necesidad de tramitar bajas de crédito por importe de 700.000,00€ o declaración de no disponibilidad. Acuerdo que deberá ser aprobado por el Pleno del Ayuntamiento, motivado por la baja de crédito en la aplicación 50.3341.41001 incluida en este expediente M2/2020, que minorará la aportación del Ayuntamiento al IMCE, y, por tanto, su previsión de ingresos.

9. Facultar a la Excm. Sra. Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

A Coruña, 29 de mayo de 2020  
El Secretario General del Pleno,

D. Manuel José Díaz Sánchez

*pasan a financiarse con préstamo procedente do financiamento de determinadas baixas do M2/2020. Todo iso reflectido no listado “Expediente M2/2020. Cambio de financiamento do Anexo de Investimentos”*

*6. Aprobar a modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2020, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M2/2020. Modificacións do Anexo de Subvencións nominativas”.*

*7. Acordar que para a execución da actividade de fomento, orzada neste modificativo M2/2020, aplicarase a Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, publicada no BOP nº40 do 19 de maio de 2005.*

*8. Ordenar ao IMCE a necesidade de tramitar baixas de crédito por importe de 700.000,00€ ou declaración de non dispoñibilidade. Acordo que deberá ser aprobado polo Pleno do Concello, motivado pola baixa de crédito na aplicación 50.3341.41001 incluída neste expediente M2/2020, que minorará a achega do Concello ao IMCE, e, por tanto, a súa previsión de ingresos.*

*9. Facultar á Excm. Sra. Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado*

*A Coruña, 29 de maio de 2020.  
O Secretario Xeral do Pleno,*

*D. Manuel José Díaz Sánchez*



**Expediente M2/2020 de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, baixas por anulación de crédito, modificación do anexo de subvencións nominativas, modificación do anexo de investimentos e cambio de financiamento en proxectos de investimento do orzamento de 2020**

**Informe proposta**

